

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACION PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCION, A ASOCIACION CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA CFV, E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DIRECTIVAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector de Desenvolvemento de Negocio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa ASOCIACION PARA EL PROGRESO DE LA DIRECCION, A ASOCIACION CIRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA CFV o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración para a realización de 7 eventos en Galicia dentro do programa Capacita Directivos, dirixido á mellora empresarial, fundamentalmente a través do desenvolvemento de capacidades e competencias dos seus directivos e mandos intermedios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O IGAPE é a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Galicia, e entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

Neste sentido, o papel do IGAPE na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, entre os que destaca mellorar as bases da gobernanza das empresas galegas a través, entre outras accións, da capacitación dos seus órganos de goberno e cadros directivos como chave do éxito e crecemento sostido e sostible das empresas e do tecido empresarial.

Para desenvolver este complexo e fundamental eixo, o IGAPE deseñou un amplo programa de actuacións denominado Plan Capacita, dentro do que, no seu apartado de formación e difusión de tendencias e cultura de empresa, quere desenvolver un programa sistemático de capacitación dirixido aos directivos de empresa galega.

Na acción obxecto deste convenio o IGAPE prevé a organización de 7 eventos, deseñados para a concienciación e posta ao día dos cadros directivos das empresas galegas, tanto en materia de desenvolvemento integral, como nas diferentes áreas de xestión que poidan incidir na conta de resultados futura das empresas prestando especial atención á capacitación das persoas.

Que APD é unha Asociación sen fin lucrativo que ten como fins sociais promover e realizar o intercambio de coñecementos, experiencias e técnicas de cantas persoas desempeñan nas empresas privadas ou entidades públicas as funcións de alta dirección, goberno ou administración, así como aquelas outras que, por vía de delegación levan a xestión dunha ou varias áreas funcionais das mesmas, co fin de perfeccionar e actualizar a formación dos asociados nas súas actividades específicas, todo elo dirixido ao ben común.

Como Asociación sen fin de lucro especializada e sen parangón no eido do desenvolvemento directivo, na capacidade de organización de eventos de alto nivel dirixidos ao progreso da dirección e na capacidade de convocatoria de asistentes: directivos, órganos de goberno e mandos intermedios ás iniciativas que organiza

Que o Acordo Marco para a creación do Círculo Financiero de Galicia subscrito o 31 de xaneiro de 2017, aglutina as intencións e capacidades dos tres clubs financeiros existentes en Galicia para a colaboración entre eles de cara a optimizar as súas actuacións especialmente no eido da formación e en calquera outra que voluntariamente, de forma independente, decidan exercer en común.

O CFG é a consecuencia dunha alianza entre as tres entidades representativas do asociacionismo empresarial galego independente, o Club Financiero Atlántico, o Círculo de Empresarios de Galicia e o Club Financiero de Santiago, que deciden integrar aos seus máis de mil asociados nunha plataforma conxunta, tendo en conta a complementariedade dos fins perseguidos polas tres.

O seu obxectivo é favorecer, de forma conxunta, o desenvolvemento do empresariado de Galicia co fin de dar voz a unha parte da sociedade civil tan importante e representativa como son os empresarios e profesionais, sen que esta alianza supoña a perda da individualidade de cada unha das asociacións membro.

Dende o punto de vista da representatividade empresarial, a suma da facturación das empresas asociadas ás tres entidades que conforman o Círculo Financiero de Galicia aglutina en torno ao 95% do PIB de Galicia.



Mediante esta colaboración, APD e CFG poderán exercitar en maior medida e cun incremento claro de impactos, a súa actividade en Galicia mellorando así as súas prestacións, en número e calidade, para os directivos e mandos intermedios das empresas galegas. As actuacións complementarán as iniciativas desenvolvidas entre 2015 e 2019, na que se levaron a cabo a totalidade de eventos previstos. A acollida por parte do tecido empresarial foi moi favorable, cumpríndose deste xeito os obxectivos de asistentes establecidos no convenio, así como o nivel de satisfacción recollido nas enquisas de control.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 3/3/2020